



# Testemuñas da esperanza e a alegría



## XORNADA MUNDIAL DA VIDA CONSAGRADA 2017

Presentación

# Xornada Mundial da Vida Consagrada

## Testemuñas da esperanza e a alegría

**2 de febreiro 2017**

O día 2 de febreiro é a festa da Presentación do Señor no templo. Desde o ano 1997, por iniciativa de san Xoán Paulo II, celébrase ese día a Xornada Mundial da Vida Consagrada. Nese día miramos á vida consagrada e a cada un dos seus membros como un don de Deus á Igrexa e á humanidade.

Xuntos damos grazas a Deus polas Ordes e Institutos relixiosos dedicados á contemplación ou ás obras de apostolado, polas Sociedades de vida apostólica, polos Institutos seculares, pola Orde das virxes, polas Novas Formas de vida consagrada e por outros grupos de consagrados, como tamén por todos aqueles que, no segredo do seu corazón, entréganse a Deus cunha especial consagración.

O lema escollido para este ano é: «Testemuñas da esperanza e a alegría». A esperanza e a alegría son dúas palabras que atravesan as mensaxes do papa Francisco a toda a Igrexa e especialmente á vida consagrada. Tamén a Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica escribiu unha preciosa carta a todos os consagrados titulada *Alegrádevos*, con motivo do Ano adicado á vida consagrada.

*Signo de esperanza.* O papa Francisco na carta apostólica a todos os consagrados, con ocasión do Ano da Vida Consagrada, ao sinalar os obxectivos, propoñía, como terceiro obxectivo, abrazar o futuro con esperanza. Velaquí algunhas das súas expresións: «Coñecemos as dificultades (...): a diminución das vocacións e o envellecemento, os retos da internacionalidade e a globalización, as insidias do relativismo, a marxinação e a irrelevancia social... Precisamente nestas incertezas, que compartimos con moitos dos nosos contemporáneos, levántase a nosa esperanza, froito da fe no Señor da historia, que segue repetindo: “Non teñas medo, que eu estou contigo” (Xer 1, 8). A esperanza da que falamos non se basea nos números ou nas obras, senón naquel en quen puxemos a nosa confianza (cf. 2 Tim 1, 12) (...). Esta é a esperanza que non defrauda e que permitirá á vida consagrada seguir escribindo unha gran historia no futuro, (...) conscientes de que cara a El é onde nos conduce o Espírito Santo para continuar facendo cousas grandes connosco» (I, 3).

A presenza das persoas consagradas na Igrexa e no mundo, animada por un auténtico espírito relixioso e misionero, ten que ser signo e semente de esperanza tanto en ambientes secularizados como en contextos de primeiro anuncio. Para iso é necesario que a vida consagrada, nas súas múltiples formas e carismas, viva unha renovada unión fraterna e móvase nas fronteiras, nos extrarradios do mundo, nos descampados existenciais, onde tantos están como ovellas sen pastor e non teñen que comer (cf. Mt 9, 36).

*Onde hai relixiosos hai alegría.* O mesmo papa Francisco na carta apostólica antes citada, ao falar das expectativas para o Ano da Vida Consagrada, escribía: «Que sexa sempre verdade o que dixerun unha vez: *Onde hai relixiosos hai alegría*. Estamos chamados a experimentar que Deus é capaz de colmar os nosos corazóns e facernos felices, sen necesidade de buscar a nosa felicidade noutro lado; que a auténtica fraternidade vivida nas nosas comunidades alimenta a nosa alegría; que a nosa

entrega total ao servizo da Igrexa, as familias, os mozos, os anciáns, os pobres, realízanos como persoas e dá plenitude á nosa vida» (II, 1).

Hoxe fan falta persoas consagradas que nos falen da alegría, pero dunha alegría profunda e verdadeira, que nace da oración. Non se pode estar alegre se non se vive na profundidade da *oración*. San Pablo une alegría e oración: «Estade sempre alegres. Orade constantemente» (1 Tes 5, 16-17).

A esperanza e a alegría camiñan xuntas. A esperanza dá á alegría a súa *autenticidade cristiá*, pois fai da alegría presente unha pascua continuamente inacabada antes da pascua definitiva na que a humanidade resucitada entrará na plenitude da salvación (cf. Rom 8, 24). Á súa vez, a alegría dá á esperanza a súa *verdade*, xa que lle dá a posibilidade de experimentar, como na súa fonte e no seu fin, o mesmo cara ao que tende.

A santísima Virxe María, Muller consagrada a Deus, é Nai da nosa esperanza e causa da nosa alegría. Ela ensínanos a vivir con paz, plenitude e esperanza alegre o seguimento fiel do noso Señor Xesucristo. A nosa Señora é a Nai que presenta no templo ao seu Fillo ao Pai, dando continuación ao “si” pronunciado no momento da Anunciación. Que Ela sosteña e acompañe sempre ás persoas consagradas na súa vocación, consagración e misión.

✠ Vicente Jiménez Zamora

*Arcebispo de Zaragoza. Presidente da CEVC*